

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE GUINDASTRE PARA A RETIRADA DE VEHÍCULOS E A SÚA CUSTODIA EN DEPÓSITOS HABILITADOS AO EFECTO, E POR INMOBILIZACIÓN DE VEHÍCULOS

Artigo 1º

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a Taxa por prestación do servizo público de actuación de guindastre para a retirada de vehículos e a súa custodia en depósito habilitado ao efecto e por inmovilización de vehículos, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do RD 2/2004, de 5 de marzo.

FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2.

O feito imponible constitúe a prestación polo Concello do servizo público de actuación de guindastre para a retirada de vehículos de vías públicas con motivo do estacionamento na localidade, nos supostos previstos na normativa sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, e na ordenanza reguladora do tráfico na zona urbana e do servizo de guindastre para retirada de vehículos da vía pública e nos bandos da Alcaldía que así o establezan ou ben a requirimento de autoridades ou funcionarios que en exercicio do seu cargo estivesen facultados para ordenar a retirada dos vehículos.

SUXEITO PASIVO

Artigo 3.

O suxeito pasivo da taxa é o titular do vehículo segundo constancia no rexistro publico da Dirección Xeral de Tráfico ou na súa falta o que figure como titular na documentación do vehículo. Responderá solidariamente as persoas físicas e xurídicas a que se refire os artigos 38.1 e 39 da LGT. Cando o vehículo debidamente estacionado, sexa retirado con ocasión da execución de obras ou traballos que afecten a un servizo público, o suxeito pasivo será o contratista adxudicatario da obra que solicita a retirada dos vehículos da vía publica, salvo que o estacionamento se produza con posterioridade á colocación de sinais de prohibición.

COTA TRIBUTARIA

Artigo 4.

A cota tributaria corresponderase coas seguintes tarifas, que non son excluíntes entre si:

Retirada de vehículos da vía pública:

Por retirada de calquera clase de vehículos da vía pública.....56,00.- €

Por depósito de vehículos:

Por almacenaxe de motocicletas ou calquera outro vehículo de dúas rodas.....6,00/ día

Por almacenaxe de calquera outra clase de vehículos.....12,00/día

DEVEÑO

Artigo 5

A obrigaçión de contribuír nace:

Pola retirada de vehículos a partir do momento en que se inicie o levantamento do vehículo.

Polo depósito nos locais municipais, desde o día en que o vehículo teña entrada en devanditos depósitos.

NORMAS DE XESTIÓN.

Artigo 6

Non será devolto ao seu propietario ningún vehículo que fose obxecto de recollida, mentres non faga efectivo o pago da Taxa, salvo que, en caso de haberse interposto reclamación ou recurso, afianzase o importe da liquidación conforme ao disposto no artigo 14 do RDL 2/2004, de 5 de marzo.

O pago da taxa realizarase segundo modelo oficial habilitado ao efecto. O pago das liquidacións pola presente taxa non exclúen de ningún xeito o das sancións e multas que fosen procedentes por infracción das normas de tráfico ou de policía urbana.

DIPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

